

VIII CONCURSO DE TRABALLO POR PROXECTOS

MODALIDADE 1. PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

COORDINADO DENDE A BIBLIOTECA ESCOLAR



CEIP PLURILINGÜE DE CARBALLEDO. CURSO 2021/2022

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS	7
3. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.....	8
4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO	13
5. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO.....	13
6. RECURSOS UTILIZADOS E PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN.....	15
7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	15
8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA	16
9. AVALIACIÓN. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.....	16
10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO	16

1. INTRODUCCIÓN

Dende o noso centro, e concretamente a través da biblioteca escolar, parte cada curso escolar un Proxecto Documental Integral (PDI) que nos fai contar cunha ampla traxectoria neste campo (“O ano dos contos”, “O ano da ciencias”, “O ano da arte”). Neste oitavo proxecto decidimos apostar polo próximo, apostar por Galicia, pero... por que? Porque nun escenario global marcado polas desigualdades e os desequilibrios entendemos que resulta irrevogable achar novos parámetros de desenvolvemento acordes a esta realidade, que resulta imposible torcer a mirada aos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030 e, que neste modelo primordialmente económico, a cultura é a gran olvidada.

O CEIP Plurilingüe de Carballedo, a pesar de estar nunha zona considerada rural, ten unha inminente influencia urbana pola súa proximidade a Pontevedra que condiciona o desenvolvemento dunha poboación cada vez máis castelán falante e máis descoñecedora das súas raíces como pobo. O nivel socioeconómico das familias é medio-baixo e as experiencias do alumnado están bastante limitadas. Por outra banda, nesta zona séguese a tónica xeral doutros lugares de Galicia: gran parte dos aspectos culturais e das tradicións están esquecidas ou relegadas a un segundo plano. Así, **“O ANO DE GALICIA”**, título do noso proxecto, xorde pola necesidade imperante de que o alumnado coñeza a súa contorna máis inmediata como paso previo para potenciar o vínculo directo entre cultura e desenvolvemento.

ORGANIZACIÓN E CALENDARIO PARA AS TAREFAS PREVISTAS DE “O ANO DE GALICIA”

Todos os anos a finais de maio faise a avaliación do traballo realizado ao longo do curso en bibliocarballedo. Nela, a comunidade educativa recolle os seus intereses de cara á temática do seguinte PDI. Atendendo a isto, aos obxectivos da Axenda 2030 e ás conmemoracións recollidas no calendario escolar foi como se iniciou o camiño de “O ano de Galicia”. Un aspecto moi positivo do noso centro é que ao ser pequeno e contar unicamente con 11 mestres e mestras con base no centro, todos formamos parte do equipo de biblioteca. Deste xeito puidemos organizar todo o traballo do centro e das titorías en relación ao “O ano de Galicia”:

- Creouse unha táboa na que se organizaron os contidos curriculares nos distintos eixos do PDI buscando a interrelación e a aprendizaxe significativa.
- Fíxose un traballo de investigación docente a través do que se recompilaron as fontes documentais que serían fundamentais para o desenvolvemento do PDI.
- Temporalizáronse todas as actividades do PDI en relación ás de centro, priorizando a aprendizaxe en espiral, a interdisciplinariedade e a transversalidade. Cada trimestre abordaríamos 2 ou 3 eixes que partirían da investigación e que culminarían coa elaboración dun produto final por parte de cada clase, o cal se compartiría cos compañeiros/as nas exposicións trimestrais.

Durante este curso organizouse o horario para que cada aula tivese varias sesións semanais na biblioteca nas que realizar actividades orientadas ao do PDI ([obradoiros de escritura](#), investigación). Tamén enfocamos as [celebracións](#) e as actividades complementarias cara ao proxecto e as familias tiveron un papel fundamental facendo aportacións e involucrándose en diversas actividades.

PLANIFICACIÓN EN RELACIÓN OS CONTIDOS, CRITERIOS, ESTÁNDARES E COMPETENCIAS

Artellar este PDI a nivel de centro supuxo por en marcha os mecanismos para que o alumnado integrase as diversas aprendizaxes abordadas nas áreas e fose quen de poñelas en práctica na súa vida cotiá, polo que a metodoloxía foi eminentemente activa, vivencial, inclusiva e participativa, e orientouse ao logro dos obxectivos de etapa e ao desenvolvemento das competencias clave:

o **Comunicación Lingüística (CCL)**. Traballamos sobre ela con contidos específicos como “a tradición oral” (dialectos, lendas, autores galegos, etc) e fomentouse enormemente a mellora da expresión oral a través das exposicións, a comprensión lectora da información recollida en diferentes fontes á hora de investigar, da aprendizaxe de textos como refráns, cancións, contos de transmisión oral; a ampliación do vocabulario con conceptos máis específicos e técnicos (vocabulario relacionado cos oficios tradicionais ou con técnicas musicais galegas). Ademais disto introducimos ao alumnado na linguaxe de signos a través do PDI e realizáronse actividades de lectura de imaxes e mapas (abordando a xeografía galega

especialmente), de escritura creativa, de expresión de vivencias. A expresión escrita mellorouse enormemente desenvolvendo en todos os cursos un obradoiro semanal no que se traballaron contidos curriculares entrelazados co PDI (redaccións sobre deportistas galegos, creación dun libro de xogos populares con textos instrutivos, descrições sobre as diferentes traxes do Entroido galego, etc).

o Competencia matemática, en ciencia e tecnoloxía (CMCT): o traballo sobre Galicia implicou abordar as unidades de medidas tradicionais e facer comparativas pasado/presente. O tratamento da nosa comunidade dende unha perspectiva artística (bailes rexionais) implicou realizar medicións. Coñecemos avances tecnolóxicos galegos que melloraron a vida no campo e na industria. Abordouse con aspectos das ciencias naturais como a flora e a fauna galega ou a pirámide alimentaria a través do estudo da gastronomía galega. Finalmente, tamén foron claves as carb@rutas, a realización dunha etapa do Camiño de Santiago e o traballo coa xeografía galega analizando planos e distancias (cambios de unidade).



o Competencia dixital (CD): o traballo coas TICs foi fundamental para a busca de información, seleccionando as fontes fiables para a posterior síntese, para o visionado de vídeos coa temática, para a audición de cancións... Empregáronse programas de edición de texto e de imaxe para crear un inventario da flora e fauna da contorna e un panel informativo das especies do patio, para facer visitas virtuais a museos ou monumentos (con google earth coñecemos puntos como o interior da Torre de Hércules), etc. Tamén se melloraron as habilidades no emprego de programas e/ou instrumentos de gravación (entrevistas a escritoras galegas como Fina Casalderrey, a mariscadoras, a traballadores do pobo), e no eido da programación creando xogos co Scratch e co Makey Makey ou pezas coa impresora 3D.

o **Aprender a aprender (CAA)**: fíxose reflexionar sobre o que se sabe, o que se quere saber, onde buscamos, como nos organizarnos para atopar respostas... Estas preguntas obrigaron a coñecer distintas estratexias para afrontar tarefas, estratexias de planificación e avaliación... Sobre todo fomentou que o alumno/a se sentise protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe. O PDI axudou aos estudantes a organizar o seu pensamento, a potenciar a súa creatividade e o coñecemento da contorna e das súas posibilidades, e a descubrir novas ferramentas para solucionar os problemas.

o **Competencias sociais e cívicas (CSC)**: co PDI abordáronse os oficios tradicionais, os modos de organización social (mapas físicos, políticos, climáticos, etc), o patrimonio cultural, a historia de Galicia, o respecto pola paisaxe. O alumnado participou de forma activa e construtiva na comunidade e desenvolveu prácticas de aprendizaxe cooperativa e prácticas baseadas no pensamento crítico e creativo. Mellorouse a capacidade para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social. Ademais, os contidos axudaron a construír unha visión máis crítica da realidade, analizar como evolucionou a contorna, e a desenvolver a empatía, a solidariedade, a xustiza.

o **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**: O alumnado tivo que presentar trimestralmente un produto final sobre os contidos abordados amosando iniciativa, deseñando e implementando un plan, mellorando a capacidade de análise, planificación, organización e xestión, e tamén a capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas. Traballar coa contorna dotou dunha maior autonomía para moverse nela, dun coñecemento máis preciso das necesidades e de máis responsabilidade individual.



o **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**: Galicia ten unha cultura propia e única, a cal o alumnado foi descubrindo ao longo do curso escolar e aprendeu a apreciála, a valorála, a respectála e a contribuír á súa

mellora. Potenciouse o emprego do galego e o respecto cara todas as variedades dialectais de Galicia. A abordaxe da perspectiva artística (arte, baile e música galega) e a investigación sobre os monumentos e a etnografía en si fomentou o desenvolvemento desta competencia, potenciando e valorando a liberdade de expresión e sobre todo, amosando interese, aprecio, respecto, goce e valoración crítica das expresións culturais e artísticas propias e alleas (en calquera que sexa o seu modo de expresión).

En relación aos contidos, esta foi a táboa deseñada a principio de curso para organizar o currículo:

ÁMBITOS	CONTIDOS
Comunicación (Lingua Castelá e Galega):	Tradición oral (refráns, lendas, cantigas, cancións, dialectos...), literatura (escritores e obras importante), vocabulario temático e toponimia, expresión escrita (receitas galegas, trípticos de lugares de Galicia, biografías de deportistas galegos, noticias de eventos de Entroido, guía de especies de flora e fauna galegas, etc), expresión oral (descricións orais de personaxes de Entroido ou de oficios tradicionais, instrucións de normas de xogos...).
Ciencias da Natureza:	Flora e fauna; Máquinas, aparellos e avances tecnolóxicos; Saúde: dieta galega, menús saudables, a horta, nutrición e pirámide alimentaria; Reciclaxe e reutilización (construción de xogos populares, coidado do medio ambiente, etc). Científicos e científicas galegas.
Ciencias Sociais:	Monumentos e lugares, Oficios tradicionais, Paisaxe, Patrimonio cultural (monumentos, festas, música, tradicións...), Organización territorial: aldeas, cidades, mapas físicos, políticos e climáticos...; Historia(cultura castrexa, romana, en relación a monumentos), Xogos populares
Matemáticas:	Conteo e cálculo con elementos manipulativos (cunchas de vieira, navallas), Nº romanos; Valor posicional a través de datos demográficos; Medidas e instrumentos tradicionais; Táboas e gráficos (deportes galegos, xogos, especies de flora e fauna); Representación e interpretación gráfica (mapas e planos/carb@turas); Unidades de medida (distancias con mapas, masa con receitas...).
Psicomotricidade:	Bailes rexionais, Xogos populares e elaboración de xoguetes, Deportes e deportistas galegos.

Música: Cancións en galego (coñecer, interpretar e escribir), Regueifas, Instrumentos típicos e elaboración de instrumentos con materiais de refugallo, Himno Galego.
Artes: Elaboración de mapas e planos, Eido xeográfico: traballo dos monumentos dende a perspectiva artística, Eido etnográfico: artesanía galega.

ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE

Os proxectos desenvoltoos dende bibliocarballo sempre van enfocados a todo o alumnado e contan coa participación da totalidade do claustro do centro, tanto na planificación das actividades como no seu desenvolvemento. Os eixes temáticos abordáronse en todos os niveis graduando a súa complexidade.

2. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS

As experiencias do alumnado en relación á súa contorna inmediata, así como a potencialidade desta, foron determinantes para seleccionar unha temática baseada na cultura. Esta encamiñouse a traballar especificamente ODS como “10. Redución das desigualdades” ou “15. Vida dos ecosistemas terrestres”.

O obxectivo principal deste foi o de achegar ao alumnado aos aspectos máis próximos da contorna en relación ao patrimonio xeográfico, cultural e natural de Galicia, así como recuperalo e poñelo en valor. Con isto buscamos crear conciencia social e educar para desenvolver valores favorables á diversidade cultural, non soamente para apostar pola lingua e polas tradicións, se non para loitar pola unha identidade e riqueza propia que diminúa as desigualdades e permita as liberdades individuais.

A través deste búscase a especialización dos estudantes nun tema concreto, pero tamén foi máis aló: con el artéllanse unha serie de medidas para aprender a investigar, a manexar fontes e a tratar a información; para aprender a organizar ideas e comunicalas; para aprender a asumir responsabilidades individuais e a conxugalas co traballo en equipo; e, como non, para contribuír a construír un espírito crítico e emprendedor respectuoso cos demais e coa contorna. Para logralo, establecéronse diferentes liñas de investigación que se agruparon en “meses temáticos” e que se organizarían en subproxectos trimestrais:

Primeiro trimestre: partimos do que o alumno/a sabe e quere saber, de onde estamos e que hai neste lugar a través dunha actividade motivadora.

- ➔ Liñas de traballo: lugares, monumentos e gastronomía
- ➔ Celebracións e actividades complementarias: carb@ruta, xornada gastronómica, concurso de ambientación de portas, Samaín, Día da Infancia, Día da Palabra, [25N](#) e Nadal.

Segundo trimestre, coincidindo co Entroido, adicámolo ao patrimonio etnográfico:

- ➔ Liñas de traballo: música, festas galegas: Samaín, Entroido, feiras... e oficios tradicionais
- ➔ Celebracións e actividades complementarias: xornada folclórica, Saída a mariscar, Día da Paz, Día da Lingua Materna, Reto 21 días en galego, Día de Rosalía, Entroido, Día da Muller Traballadora.

Terceiro trimestre:

- ➔ Liñas de traballo: Camiño de Santiago, flora e fauna galega, xogos populares e deportes
- ➔ Actividades: Saída "Camiño de Santiago", carb@ruta (xornada natural), Día da Nai Terra (tipografía: "O bosque galego"), mes das Letras (visita de Fina Casalderrey e Antía Yáñez), os "Maíos", Letras Galegas, Día da Educación Física na rúa, Medio Ambiente, "Piragüismo-dragóns".




3. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

En xuño do 2021 parte do **Equipo de Biblioteca** a proposta de desenvolver o PDI sobre Galicia, idea que quedaría aprobada no primeiro claustro do curso e que se definiría co [traballo conxunto](#) de familias, alumnado e profesorado. Unha vez determinadas as **liñas de traballo**, fíxose un **axuste curricular** para relacionar os contidos cos eixes de "O ano de Galicia" e deuse paso á selección e adquisición, no seu caso, de **fontes documentais** que permitirían o desenvolvemento deste.

XEOGRAFÍA E GASTRONOMÍA

A noticia chega ás aulas coa [carta da nosa mascota](#), Castañón, que foi acompañando e orientando ao alumnado mes a mes, e queda inaugurado o proxecto con dúas actividades motivadoras polo Día das Bibliotecas: o xa clásico [concurso de ambientación de portas](#), no que cada clase decorou a porta da súa aula coa temática do PDI, e unha [saída pola contorna](#) proposta polo concello na que familias e alumnado contribuíron á **reforestación** con especies autóctonas e experimentaron na plantación con dron.

Este sería o punto de inicio dos microproxectos trimestrais, que seguirían as fases propias do traballo por proxectos e comezaría por determinar que sabemos e que queremos saber.



Dende setembro traballamos os aspectos xeográficos e gastronómicos e comezamos a emitir quinquenalmente [programas da nosa cast@radio](#), con seccións variadas coa temática do PDI (como “Buscando a Castañón”, no que a nosa mascota viaxaba a un lugar diferente de Galicia e dábanse pistas para atopalo). En outubro comezamos a realización diaria de **obradoiros** nos recreos da biblioteca e neles incluimos actividades como “flora e fauna galega en lingua de signos”, xogos de creación propia sobre os oficios tradicionais ou visita a diferentes puntos de Galicia con Google Earth. Festexamos [Samaín e Magosto](#) por todo o alto como festas típicas galegas, convocando o [concurso de decoración de cabazas](#), facendo festa de disfraces, comendo castañas, contando lendas galegas de medo ou con propostas de obradoiros como o de xogos tradicionais de outono. Neste mes tamén inauguramos as **carb@rutas**, que foron saídas para potenciar o exercicio físico e coñecer a contorna en relación aos elementos a traballar; nesta primeira (guiándonos por mapas) fixemos o [roteiro do Foxo do Lobo](#) e coñecemos a súa lenda, descubrimos elementos como os hórreos e os cruceiros, visitamos os lugares principais e fixemos

entrevistas aos veciños e veciñas. Celebramos de maneira conxunta o [Día dos Dereitos da Infancia e o Día da Palabra](#), cada clase traballou cun grupo de dereitos e relacionounos co PDI: dereito ao fogar, nomes dos pobos nos que vive o alumnado; dereito á alimentación, pratos típicos galegos; dereito a ser escoitado, nomes de movementos reivindicativos no que indagamos sobre aspectos como o prestige; etc. Chegou decembro e realizamos a primeira **xornada, que foi a [gastronómica](#)**: trouxemos a unha pulpeira que explicou ao alumnado un montón de curiosidades sobre o polvo e tamén sobre a cultura das feiras e diferentes receitas con este prato, ademais de poder degustalo. Tamén fixemos a [exposición dos proxectos finais do PDI](#) do trimestre (explicados no apartado 5) e rematamos o ano celebrando o [Nadal](#): creamos unha árbore a modo de Camiño de Santiago con paradas nos pobos do alumnado onde atopaban un código QR coa felicitación das familias neses lugares; convocouse un concurso de debuxo “O meu Nadal gastronómico” e realizamos obradoiros de panxoliñas, xogos populares, etc. Ao longo destes meses incluíronse menús no comedor con pratos galegos e o noso cociñeiro desenvolveu [sesións gastronómicas](#).



PATRIMONIO ETNOGRÁFICO

No 2º trimestre abordamos o patrimonio etnográfico (música, festas e Camiño de Santiago -o cal traballamos tamén no 3º trimestre-). Comezamos co [Día da Paz](#) elaborando un mural na entrada principal do colexio (coa axuda do persoal de cociña) coa nosa mascota vestida de peregrino e co lema “A paz é o camiño”, cada alumno/a deixou a súa pegada e reflexionou sobre que significaba o eslogan elixido. Unha celebración obrigatoria era o [Día da Lingua Materna](#), que a iniciamos o 1 de febreiro co “Reto 21 días en Galego” no que potenciamos a expresión nesta lingua e comezamos cada día a xornada cunha canción actual en galego que se traballaba nas aulas; como culme o día 21 convocamos un concurso de chistes en galego para vincular o noso idioma con outros ámbitos, non só o académico, e fixemos entrega de

premios. Polo [Día de Rosalía](#) o alumnado do 3º ciclo creou un vídeo recital do poema “Adios ríos, adios fontes” coa participación de todo o centro; traballamos coas familias para que nos enviasen fotos da rapazada en diferentes puntos do concello no que localizasen “ríos, fontes, regatos” e paisaxes dos que Rosalía falaba nos seus poemas. Chegou o [Entroido](#) e, despois de que a rapazada investigase sobre as actividades realizadas nos diferentes puntos de Galicia, o noso meco (Gusmalote do Saco) propuxo recrear a [festa fareleira](#), tamén realizamos un concurso de disfraces das diferentes personaxes do Entroido Galego e obradoiros como “Escornabots de entroido”, “Viste ao Troiteiro de Bande”, “Manualidade: sombreiro de Galáns”, entre outros. Polo [8-M](#) quixemos reivindicar o papel da muller rural galega creando unha exposición artística cos mandiles das mulleres máis importantes da vida do alumnado. Neste trimestre organizamos a [xornada folclórica](#) para a cal contamos cun mestre de baile rexional e cun gaiteiro, os cales ensinaron dunha maneira práctica ao alumnado a importancia da música galega. Pechamos o trimestre coas [exposicións do proxecto](#) trimestral e cunha **saída** moi motivadora e didáctica: coñecemos puntos importantes de Galicia como a Illa da Toxa ou o mirador de Siradela e fomos a Cambados a coñecer o [oficio de mariscadora](#) a través da súa práctica.



CAMIÑO DE SANTIAGO, XOGOS POPULARES/DEPORTES E FLORA E FAUNA AUTÓCTONA

A actividade inicial motivadora, celebrando o Día da Nai Terra, foi o [obradoiro de tipografía](#) co que descubrimos a “Alouette Machine” unha empresa asentada no concello que aposta pola recuperación do patrimonio galego; con eles, a través do emprego de letras centenarias e da imaxe traballouse sobre O bosque galego. Neste mes de abril realizamos dúas actividades relacionadas co ámbito deportivo: no [Día da Educación Física na Rúa](#) fomos á praza do concello a traballar cos xogos populares (que tamén se [traballaron](#) ao longo do trimestre) e o alumnado do 3º ciclo fixo unha práctica de [piragüismo](#) na que

coñeceu de primeira man a importancia deste deporte no ámbito galego. Polo [día do Libro](#) destacamos o contacontos de “Lobo Feroz” en galego e en lingua de signos. Chegou a primavera e investigamos sobre [os maíos](#) para, coa axuda das familias, crear un para acompañalo de coplas que crearía cada clase. En maio, no **mes das Letras**, recibimos a unha autora fundamental na cultura galega, [Fina Casalderrey](#); tamén veu [Antía Yáñez](#), unha autora moi actual no ámbito da LIX. Polas [Letras Galegas](#) coñecemos a Florencio Delgado a través dun contacontos de “Polo correo do vento” e despois de buscar información en diferentes fontes o alumnado creou un kamishibai das súas achegas á cultura galega; tamén fixemos un concurso lingüístico chamado “Non é o que parece” no que o alumnado tiña que adiviñar o significado de palabras galegas relacionadas co medio ambiente baseado no libro “Peido de Lobo”. Na [carb@ruta](#) deste trimestre fomos coñecer o patrimonio natural e fixemos unha práctica para analizar a flora e a fauna dun ecosistema de ribeira. Polo Día do [Medio Ambiente](#) creamos o “Equipo cast@recíclate”, tamén traballamos na horta de Castañón, este elemento tan típico galego. O PDI “O ano de Galicia” remata cas [exposicións](#) e cunha saída: a [etapa do Camiño de Santiago](#) na cal o alumnado tivo que ir cubrindo a súa Compostelana con elementos típicos do camiño e selándoa cos selos creados polo alumnado do 3º ciclo. Coñecemos o interior da Catedral e realizouse unha xincana para descubrir o casco vello de Santiago.



RELACIÓN CON OUTROS PLANS E PROXECTOS, ACTIVIDADES

Apostando pola interdisciplinaria, participase noutros plans, proxectos ou concursos como: “[Regueifando](#)” do Correlingua, “[Certame Deseña unha xoia para túa nai](#)” do Colexio de Xoiaría de Galicia (quedando finalistas), no concurso “[Atrévete a ter unha idea](#)” para potenciar o emprendemento partindo da contorna e do respecto á natureza (resultando gañadores en dúas categorías), no programa “[Proxecto Ríos](#)” e no de “[Coñece as túas institucións](#)”, e no [Concurso de Podcasts](#) da Asesoría e de [RNE](#).

4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO

Creáronse mensualmente cartas da nosa mascota para informar e orientar o traballo do PDI. Elaboráronse diferentes documentos informativos para o profesorado e familias e importante **documentación pedagóxica trimestral** de **todo o traballo por proxectos feito dende as titorías**. Publicáronse na bitácora todas as actividades realizadas así como o obxectivo de cada unha para compartir coa comunidade educativa todo o proceso. Cómpre sinalar que dende o equipo de biblioteca, e especificamente dende as titorías, se elaboraron multitude de materiais manipulativos ("Dixit de oficios tradicionais" ou a "Baralla do Camiño de Santiago") orientados a traballar o PDI. Todo se recolle nos materiais **complementarios**.



5. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO

Como se aprecia na descrición de actividades, a investigación, as exposicións orais, as entrevistas ou a expresión escrita determinou todo o PDI e, polo tanto, foron actividades clave para poder construír coñecemento. No proceso e como produto final o alumnado desenvolveu diversas tarefas, destacando:

1º TRIMESTRE
XEOGRAFÍA
MONUMENTOS
GASTRONOMÍA
LIGAZÓN

- Abecedario de Galicia
- Crebacabezas do mapa de Galicia
- Mapa do concello no que situar as parroquias e as casas do alumnado
- Maquetas con circuítos e motores de diferentes monumentos galegos
- Panel Interactivo "xeografía galega" con códigos QR nos que o alumnado ubica e describe os monumentos
- Recreación de pratos galegos e da cocida do pan
- Creación de regueifas sobre os monumentos galegos
- Deseño e impresión de portalapis de polbo coa impresora 3D



2º TRIMESTRE

PATRIMONIO ETNOGRÁFICO

LIGAZÓN

- Mural "A Paz é o Camiño"
- Peza "A banda de Carballedo"
- Panel "Entroido Galego"
- Panel/composición pezas do traxe galego
- Obras de teatro: oficios tradicionais e festas galegas
- Vídeo-recital "Adios ríos, adiós fontes" con fotos da contorna
- Deseño e impresión de colgantes con forma de cuncha de vieira coa impresora 3D



3º TRIMESTRE

FLORA/FAUNA CAMIÑO DE SANTIAGO XOGOS/DEPORTES

LIGAZÓN

- Dicionario do traxe galego
- Mural "O Bosque Galego" e Lapbook "vaca rubia galega"
- Xogo (tipo operación) "A flora Galega" co Makey Makey
- Panel informativo coas especies do patio
- Libro recompilatorio de xogos populares
- Exposición de deportistas galegos
- Creación de selos do Camiño de Santiago e da compostelá
- Deseño e impresión de chaveiros "de carballo" coa impresora 3D



6. RECURSOS UTILIZADOS E PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN

Para o desenvolvemento do PDI empregamos tres tipos de fontes: orais e materiais (entrevistas, froitos de outono, as cunchas de mariscos) e escritas. No que respecta a estas, ademais de internet (páxina da Xunta, de turismo de Galicia, google Earth, ADEGA...), foron importante os libros de consulta: inventarios de Kalandraka, "Galicia pequeniña", "Peido de lobo", "Atlas ilustrados", "As herbas de San Xoán", "É tempo de Entroido", "Bo camiño peregrino", "Seres mitolóxicos do Camiño de Santiago", "Pescadoras", "A Crebeira marabillas" e xogos como "A natureza no Camiño de Santiago" ou "Roteiro de Galicia".



7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

- Coas familias deseñouse o PDI, organizáronse as carb@rutas, desenvolveuse a plantación, colaborouse para recompilar materiais para elaborar o maio ou para aportar fotografías da contorna, etc.
- Concello: a plantación con Drons, o contacontos de "Polo correo do vento", a participación no desenvolvemento das carb@rutas...
- As nosas limpiadoras participaron en obras de teatro do alumnado e fixeron un roteiro polo patio sobre as especies de flora. Dende o comedor incluíronse pratos galegos nos menús (cocido, orellas e filloas, torta de Santiago...) e o cociñeiro desenvolveu xornadas gastronómicas e axudou no mural do Día da Paz.



- Veciños do concello: nas carb@rutas realizadas o alumnado estivo falando con eles para investigar en sobre os oficios, as lendas, a funcionalidade dos muíños e dos hórreos, o significado dos cruceiros, etc.

8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

Todo o traballo difundíuse na [bitácora](#) da biblioteca, recompilando as publicacións de “O ano de Galicia” nunha [lapela específica](#) de fácil e rápido acceso. A través de [instagram](#) (@biblio_carballedo) compartimos en tempo real as actividades, novidades, datas importantes, recomendacións lectoras do PDI. **Tokapp** foi unha ferramenta de gran utilidade para informar semanalmente ás familias e para solicitar colaboración.

9. AVALIACIÓN. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS

Gracias ao desenvolvemento do proxecto puidéronse abordar e avaliar numerosos elementos curriculares a través de distintos procedementos (assembleas, traballos orais e escritos, reflexións...). A nivel de centro e en relación ao PDI en si, foron fundamentais as reunións semanais de biblioteca por permitir ir deseñando, valorando as actividades diarias e modificando ou reconducindo o proceso segundo os resultados. Foron moi importantes os cuestionarios de avaliación inicial de familias e profesorado e as enquisas finais para ter unha perspectiva xeral do proxecto, podendo concluír que foi un éxito por acadar os obxectivos propostos e por lograr achegarnos un pouquiño máis aos ODS da axenda 2030.

10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO

“O ano de Galicia” parte, execútase e avalíase dende o traballo da biblioteca (en colaboración con todo o profesorado e equipos) e foi clave especialmente nas seguintes competencias:

- Fixéronse propostas integradoras, interdisciplinares e transversais e avogouse por orientar e artellar todo o quefacer do centro educativo e do profesorado baixo unha mesma liña de actuación, o PDI.
- A través de todo o traballo fomentouse a oralidade, a escritura e as habilidades informativas e, por conseguinte, a vida na biblioteca escolar e o desenvolvemento das competencias de maneira integrada.
- Recompilouse unha selección de fontes documentais amplas e adecuadas (dixitais e impresas), atendendo á petición do resto do profesorado, que permitisen afondar na temática en cuestión.
- Coordinouse todo o traballo realizado e ofreceuse asesoramento a profesorado, familias e alumnado.